

BASES PARA A INSCRICIÓN NO INTERCAMBIO CULTURAL PARA A XUVENTUDE CA VILA PORTUGUESA DE GÓIS.

O Concello de Oroso a través da Concellería de Cultura organiza un intercambio cultural co fin de ofrecer á xuventude a posibilidade de viaxar, coñecer outras culturas, unha primeira aproximación ao portugués, compartir ideas e inquietudes con mozos/as de Góis

As presentes bases rexirán o proceso de inscrición.

DESTINATARIOS

O intercambio está dirixido a mozos/as con idades comprendidas entre 15 e os 20 anos, nados entre os anos 2004 e 2008. Terán preferencia os empadroados no Concello de Oroso.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

O intercambio desenvolverase do 8 ao 15 de xullo no Municipio de Góis.

SISTEMA DE PARTICIPACIÓN

A solicitude de inscrición farase do 17 ao 21 de xuño no rexistro do Concello de Oroso de 9:00h. a 13:30h. ou a través da sede electrónica.

A adxudicación de prazas será por orde de presentación ata completar as 15 dispoñibles.

Só se poderán presentar tanto pola sede como por rexistro no concello un máximo de dúas solicitudes por persoa.

A lista de participantes admitidos e reservas publicárase no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa o día 26 de xuño.

SOLICITUDES

A documentación necesaria para realizar a inscrición será:

- Formulario de inscrición debidamente cumplimentado
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta sanitaria europea
- Autorización no caso dos menores de idade

- Autorización para a realización e uso de fotografías e vídeos
- En caso de intolerancias e/ou alerxías, informe médico

NORMAS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

- Respetar ós monitores e compañeiros así como as normas de convivencia
- Asistencia e puntalidade nas reunións
- Participación e colaboración nas actividades propostas polos organizadores